

Moscova, 15 de xaneiro de 1850 – Estocolmo, 10 de febreiro de 1891



Sofia Sonia Kovalevskaya

Seus pais foron Vasili Vasilievich Krukovski, xeneral de artillería, e Elizaveta Fiodorovna Schubert. A súa irmá Aniuta, seis anos maior, exerceu unha influencia capital sobre ela.

Desde moi cedo sentiu unha grande atracción cara ás matemáticas pero tamén amou a lectura e a poesía. Algúns dos seus inmediatos antepasados, por parte de súa nai, foron destacados astrónomos e matemáticos.

Cando Sonia finalizou o ensino secundario pretendeu ingresar nunha universidade. Os seus pais desaprobaban esta idea pero, ademais diso, para as mulleres da época esa aspiración resultaba practicamente imposible.

Por estas razóns, casou con Vladimir Onufrievich Kovalevsky. Foi este un matrimonio de conveniencia, pactado polos dous mozos coa única finalidade de poderen acadar a independencia das familias. Así puido asistir a algunhas clases na universidade sempre que estivese acompañada do seu marido.

En 1869 Sonia e Vladimir instaláronse en Heidelberg, pero aquí tampouco a situación era moito mellor con respecto a que as mulleres puidesen estudar.

En 1870 intentou probar sorte na Universidade de Berlín e tampouco as cousas resultaron fáciles, pero consegue que Weierstrass acceda a traballar con ela en privado.

No ano 1874 Weierstrass conseguiu que a Universidade de Göttingen admitise o traballo *Sobre a teoría de ecuacións en derivadas parciais* como tese de doutoramento e mesmo permitise a súa lectura *in absentia*, é dicir, sen que a autora estivese presente. Así acadou Sonia o grao de doutora, sendo a primeira muller da historia que o conseguía.

O 11 de novembro de 1883, a proposta de Mittag-Leffler, comeza a traballar como profesora provisional na Universidade de Estocolmo ata que, en 1889, foi nomeada profesora vitalicia. Aquí colaborou na redacción da prestixiosa revista matemática *Acta Mathematica*.

Faleceu o 10 de febreiro de 1891 en Estocolmo, de maneira inesperada e a consecuencia dunha pneumonía, despois dunha viaxe a Xénova (Italia). Acababa de cumprir 41 anos

